

Oviedo, reincidindo no golpe

Descríñoo

O día 18 pola noite Paraguai sentiu o intenso frío dos sabres, que pretendían fenderse nunha das democracias máis febles de Latinoamérica. Detrás dos coroneis Vladimiro Woroniecky e Martín Yegros estaba un complexo entramado no que participaban militares, xuristas, deputados, xornais, emisoras de radio e na distante sombra do exilio, o reincidente Lino Oviedo.

Luís González Macchi decretou un mes de estado de excepción para poder pescudar na maraña de feitos que tiñan tecido un sólido golpe no Paraguai, no que a democracia é un valor de segunda orde, canxeable por calquera baratía que ofrezca químicos vales que permitan escalar as grosas paredes da pobreza. No país guaraní a vida política é un interminable culebrón de intrigas internas nas filas do perpetuo gobernante Partido Colorado.

As voces que máis enérgicamente claman contra do estado de excepción, son as que albergan serias dúbidas sobre a súa fe democrática.

O director do Xornal ABC non cesa de proclamar que estamos diante dunha pertinaz caza de bruxas. Doado pola detención de varios xornalistas do seu periódico, elevou o ton da súa proposta, pero no Paraguai considérase a este xornal como o máis estreitamente ligado ao Xeneral Lino Oviedo.

Uns 80 militares, 22 policíaas, e ao menos 12 civís, entre eles catro congresistas e dous propietarios de radioemisoras simpatizantes de Oviedo, que chamaron a unirse á sublevación foron detidos entre o venres e o sábado; están entre os detidos. Moitos deles forman parte da denominada Unión Nacional de Colorados Únicos (Unace).

A pesares de negar a súa participación, moitos analistas coinciden en que os cabecillas da intentona foron, e son, caracterizados seguidores de Oviedo. Un dos civís afectados polo decreto de excepción é o fillo de Lino Oviedo, Ariel.

As probas da organización clandestina están sendo investigadas pola Fiscalía Xeral do Estado. Nunha das súas peritaxes sobre o disco duro persoal do avogado Saguier, atopou o pronunciamento dos militares rebeldes, que fora redactado no seu ordenador o 17 de marzo.

As versións máis optimistas queren facer unha lectura positiva do acontecido, xa que este desagradable, pero incruento episodio, pode servir de vacina para inmunizar á convalescente democracia paraguáa. Pero noutro lado do prisma, tamén hai moitos que ven o futuro con lentes de vidros moi negros.

Dous días despois da saída dos tanques as súas o xornal ABC-color sorprendía aos seus lectores cunha encuesta da que se desprendían resultados nada sorprendentes para os que seguen de cerca a vida política do país.

• pregunta ¿ No goberno de que presidente, estivo mellor o país,?. O 65% dos entrevistados decantáronse polo dictador Alfredo Stroessner e só o 1% consideran ao actual Uruguai mellor que o do pasado dictatorial.

As máis de tres décadas de dictadura, e a posterior democracia ,corrupta e ineficaz, son un bo viveiro de aspirantes a golpistas.

Os datos aportados polo sospeitoso ABC están en sintonía cos publicados a semana pasada pola Folha de São Paulo. Nunha macroenquisa, que tomou mostras de toda Iberoamérica, tirouse a conclusión que Paraguai era o país onde a poboación se amosaba menos satisfeita do funcionamento do sistema democrático, só 31%. Por tanto, danse as condicións propicias para que personaxes coma Lino Oviedo proben sorte na anacrónica aventura mesiánica da dictadura, nunha realidade na que xa non é viable a autarquía política ou económica.

O ex xeneral Oviedo, aínda ten pendente unha condena de dez anos de prisión por outra intentona protagonizada en abril de 1996. Desde o 9 de decembro pasado pasou a clandestinidade, fuxindo do confortable asilo político que acadara en Arxentina. Sobre o ex militar pesa a acusación de ter planeado e financiado o asasinato do vicepresidente da República, Luís María Argaña, perpetrado el 23 de marzo de 1999 por varios pistoleiros nunha rúa da Asunción. O fillo do finado político. Félix Argaña preséntase, agora, coma candidato do Partido Colorado á vicepresidencia da República.

O ex-xeneral prófugo, tamén aparece vinculado co negocio das drogas nun informe da DEA, no que se da conta dunha operación de narcotráfico do ano 1974 na que aparecía involucrado o ex-presidente guaraní Andrés Rodríguez.

O presidente González Macchi pretende voltar a dirixir un goberno de Unidade Nacional, tal como facía ata hai tres meses aglutinando ao Partido Colorado, ao Partido Liberal Radical Auténtico e ao Partido Encuentro Nacional. Pero no mes de febreiro os liberais, a 2ª forza política del país, abandonaron o goberno para pasar á oposición e deixar en precario ao tambaleante goberno de Macchi.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Nacionalismos ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Data de creación

23 de Maio, 2000

Metadatos

Autoría : 10036

Data publicación : 2000-05-23 00:00:00